

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 16 de xaneiro de 2026
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día 16 de xaneiro do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romy, Secretario Xeral, e está presente a Viceinterventora, Susana Escaloni Varela.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros e Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35963.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 9 de xaneiro de 2026.

2.35964.- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A ADQUISICIÓN OU ADAPTACIÓN DE VEHÍCULOS DIRECTAMENTE VINCULADOS AO DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE SOCIAL NO ANO 2026. (EXPTE. 2025077919)

ANTECEDENTES:

1º.- De conformidade có establecido na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na que se define ás entidades de iniciativa social como “aquelas organizacións ou institucións non gobernamentais que xestionan centros ou desenvolven actuacións e programas de servizos sociais sen ánimo de lucro”, entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais está facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social, e as entidades de iniciativa social son un instrumento necesario para complementar as políticas públicas neste eido, sendo tamén obxectivo do sistema promover e dinamizar a participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social.



Así, con esta liña de axudas a Deputación de Pontevedra promove a mellora de servizos, actividades e iniciativas no ámbito social a través da adquisición ou adaptación de vehículos coa finalidade de dar cobertura as necesidades das persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade social. O vehículo atenderá ao uso de transporte de persoas (vehículo adaptado para persoas con discapacidade ou non adaptado) e transporte de mercancías para reparto de alimentos, roupa ou doutras mercancías.

Desde o punto de vista competencial, o marco legal vixente en materia de servizos sociais e administración local ofrece tamén unha ampla base xurídica para o desenvolvemento destas actuacións.

O artigo 2.3 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia refire que “[...]Os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos nesta lei e nas normas que a desenvolvan[...]”

Conforme o artigo 31 da mesma lei, o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e carácter innovador das prestacións e servizos ofertados, á eficiencia no emprego dos fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica dos servizos sociais.

No ámbito local, o artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece que son competencias propias das Deputacións provinciais ou entidade equivalente, as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública, entre outras, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

2º.- En base a dita competencia, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, pretende reforzar e aumentar o seu compromiso con estas entidades promovendo a mellora das condicións a través da adquisición ou adaptación de vehículos coa finalidade de dar cobertura as necesidades das persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade social. O vehículo atenderá ao uso de transporte de persoas (vehículo adaptado para persoas con discapacidade ou non adaptado) e transporte de mercancías para reparto de alimentos, roupa ou doutras mercancías.

3º.- O obxecto destas bases é regular o procedemento para a concesión de axudas a entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de vehículos directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade social habitual.

O uso do vehículo será complementario aos servizos prestados polas entidades, e os servizos ou programas de ditas entidades, deberán ter un carácter estable.

A adquisición do vehículo poderá supoñer a implantación ou ampliación do servizo de transporte, de persoas usuarias da entidade ou de alimentos, roupa, mobiliario, mercancías, para o reparto a familias e persoas en



situación ou risco de exclusión social, así como a substitución dun vehículo deteriorado, alugado ou dun servizo subcontratado.

4º.- A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrència competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo segunda e de acordo cos seguintes principios:

- a. Publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b. Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c. Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos.

5º.- As subvencións reguladas nesta convocatoria son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos destinados á mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade pública ou privada, agás aquelas outorgadas pola Deputación de Pontevedra para esa mesma finalidade concreta.

En ningún caso a suma de todas as axudas poderá superar o 100 % do custo da actividade subvencionada, procedéndose, se é necesario, á redución proporcional da contía concedida.

Para estes efectos, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, a entidade beneficiaria deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra e, nese caso, o importe da subvención será obxecto da minoración que corresponda.

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio.

6º.- Serán obxecto de subvención as actuacións relativas a adquisición ou adaptación de vehículos destinados a mellora dos servizos e programas prestados no ámbito dos servizos sociais e socio sanitarios.

As actuacións subvencionadas deberán estar executadas no exercicio 2026 e ata o 31 de decembro de 2026.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada:

1. Adquisición de vehículos novos.
2. Adquisición de vehículos de segunda man.
3. Traballos de adaptación de vehículos.

En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables os seguintes:

- Vehículos destinados a un servizo de transporte non complementario dos prestados nun centro ou programa propios da entidade.
- Vehículos destinados a un servizo de transporte a terceiros como actividade económica.

7º.- A contía prevista para esta convocatoria, con cargo á aplicación orzamentaria 26/231.2311.789.01 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2026, ascende a cincocentos mil (500.000,00) euros, que representa o máximo de obrigacións que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.



As subvencións reguladas nestas bases estrutúranse en función de tres liñas de actuación diferenciadas, segundo o tipo de investimento realizado, e establécese para cada unha delas un importe máximo subvencionable. Cada entidade solicitante poderá acollerse soamente a unha destas liñas, sempre que a actuación proposta se adecúe ao obxecto da convocatoria e cumpra os requisitos establecidos. As liñas de actuación subvencionables e os seus importes máximos por solicitude son os seguintes:

Liñas de actuación	Importe máximo de subvención
1. Adquisición de vehículos novos	25.000,00 €
2. Adquisición de vehículos de segunda man	15.000,00 €
3. Traballos de adaptación de vehículos	5.000,00 €

Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada solicitude non poderá exceder do 80 % do seu orzamento total, nin superar en ningún caso os límites establecidos por liña. No caso de que o importe solicitado supere estes límites, non se terá en conta o exceso.

8º.- Con data 17 de decembro de 2025 e 8 de xaneiro de 2026, respectivamente, Secretaría Xeral (CSV: YZQ0QWDX3LZVSYE7) e Intervención (CSV: WKFVMMIMMJX4ARLK) emiten informe favorable sobre a tramitación deste expediente.

PROPOSTA DE ACORDO:

Considerando que o órgano competente para aprobación das bases reguladoras é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Aprobar a Convocatoria e bases reguladoras das subvencións a entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de vehículos directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade social no ano 2026.

A continuación reproducése o texto íntegro das bases, que figuran asinadas dixitalmente co CSV: BY7QBJU5SGQDYXGJ:

“CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A ADQUISICIÓN OU



ADAPTACIÓN DE VEHÍCULOS DIRECTAMENTE VINCULADOS AO DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE SOCIAL NO ANO 2026.

Na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense as entidades de iniciativa social como “[...]aquelas organizacións ou institucións non gobernamentais que xestionan centros ou desenvolven actuacións e programas de servizos sociais sen ánimo de lucro[...]”.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten o compromiso de apoiar a estas entidades, polo que convoca unha liña de subvención dirixida a entidades sen ánimo de lucro co fin de promover a adquisición ou adaptación de vehículos destinados a mellora dos servizos e programas prestados no ámbito dos servizos sociais e socio sanitarios.

Así, con esta liña de axudas a Deputación de Pontevedra promove a mellora de servizos, actividades e iniciativas no ámbito social a través da adquisición ou adaptación de vehículos coa finalidade de dar cobertura as necesidades das persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade social. O vehículo atenderá ao uso de transporte de persoas (vehículo adaptado para persoas con discapacidade ou non adaptado) e transporte de mercancías para reparto de alimentos, roupa ou doutras mercancías.

Desde o punto de vista competencial, o marco legal vixente en materia de servizos sociais e administración local ofrece tamén unha ampla base xurídica para o desenvolvemento destas actuacións.

O artigo 2.3 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia refire que “[...]Os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos nesta lei e nas normas que a desenvolvan[...]”

Segundo o establecido no artigo 3 da citada lei, entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais está facilitarlle alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social, e as entidades de iniciativa social son un instrumento necesario para complementar as políticas públicas neste eido.

É tamén un obxectivo do sistema promover e dinamizar a participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social.

Por último, de acordo co artigo 31, o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e carácter innovador das prestacións e servizos ofertados, á eficiencia no emprego dos fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica dos servizos sociais.

Adicionalmente, no ámbito local, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, establécese que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispónse que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, entre outras, conforme a letra d, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



Estas subvencións encádranse no marco normativo vixente en materia de axudas públicas, e segundo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a eficiencia no uso dos recursos públicos. Nestas bases reguladoras defínense os requisitos, os gastos subvencionables, os procedementos de solicitude e resolución e os criterios de valoración para asegurar unha distribución xusta e rigorosa dos fondos dispoñibles.

Segundo todo o exposto, e en virtude do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, así como, o establecido na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, a devandita institución provincial promove esta convocatoria de subvencións, baixo os termos e condicións que se detallan nas seguintes

BASES

PRIMEIRA. OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas a entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de vehículos directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade social habitual.

O uso do vehículo será complementario aos servizos prestados polas entidades, e os servizos ou programas de ditas entidades, deberán ter un carácter estable.

A adquisición do vehículo poderá supoñer a implantación ou ampliación do servizo de transporte, de persoas usuarias da entidade ou de alimentos, roupa, mobiliario, mercancías, para o reparto a familias e persoas en situación ou risco de exclusión social, así como a substitución dun vehículo deteriorado, alugado ou dun servizo subcontratado.

As entidades poderán presentar unha única solicitude para un só vehículo, atendendo aos seguintes usos:

- 1. Transporte de persoas (vehículo adaptado para persoas con discapacidade ou non adaptado).*
- 2. Transporte de mercancías para reparto de alimentos, roupa, mobiliario, ou doutras mercancías precisas na actuación da entidade de iniciativa social.*

SEGUNDA. PRINCIPIOS REGULADORES

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo segunda e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.*
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos.*

TERCEIRA. FINANCIAMENTO, CONTÍAS E LÍMITES

A contía prevista para esta convocatoria, con cargo á aplicación orzamentaria 26/231.2311.789.01 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2026, ascende a cincocentos mil (500.000,00) euros, que representa o máximo de obrigacións que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.



As subvencións reguladas nestas bases estrutúranse en función de tres liñas de actuación diferenciadas, segundo o tipo de investimento realizado, e establécense para cada unha delas un importe máximo subvencionable. Cada entidade solicitante poderá acollerse soamente a unha destas liñas, sempre que a actuación proposta se adecúe ao obxecto da convocatoria e cumpra os requisitos establecidos. As liñas de actuación subvencionables e os seus importes máximos por solicitude son os seguintes:

<i>Liñas de actuación</i>	<i>Importe máximo de subvención</i>
<i>1. Adquisición de vehículos novos, incluídos de quilómetro 0.</i>	<i>25.000,00 €</i>
<i>2. Adquisición de vehículos de segunda man.</i>	<i>15.000,00 €</i>
<i>3. Traballos de adaptación de vehículos de titularidade da propia entidade.</i>	<i>5.000,00 €</i>

Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada solicitude non poderá exceder do 80 % do seu orzamento total, nin superar en ningún caso os límites establecidos por liña. No caso de que o importe solicitado supere estes límites, non se terá en conta o exceso.

CUARTA. ENTIDADES BENEFICIARIAS E REQUISITOS

Poderán solicitar estas axudas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro, como titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais nas áreas de inclusión, maiores e/ou discapacidade. En caso de que a información que conste neste rexistro non estivese actualizada, a entidade solicitante deberá comunicalo e achegar a información necesaria.*
- Ter sede social ou unha delegación permanente na provincia de Pontevedra. Entenderase por “delegación permanente” aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades.*
- Carecer de fins de lucro e ter finalidades coincidentes co obxecto da subvención, segundo os seus estatutos.*
- Estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*
- Non incurrir en ningunha das prohibicións previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.*

QUINTA. GASTOS SUBVENCIONABLES E EXCLUSIÓN

Serán obxecto de subvención as actuacións relativas a adquisición ou adaptación de vehículos destinados a mellora dos servizos e programas prestados no ámbito dos servizos sociais e socio sanitarios.

As actuacións subvencionadas deberán estar executadas no exercicio 2026 e ata o 31 de decembro de 2026.



GASTOS SUBVENCIONABLES:

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

- 1. Adquisición de vehículos novos, incluídos de quilómetro 0.*
- 2. Adquisición de vehículos de segunda man*
- 3. Traballos de adaptación de vehículos de titularidade da propia entidade.*

En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables os seguintes:

- Vehículos destinados a un servizo de transporte non complementario dos prestados no centro ou programa propio da entidade.*
- Vehículos destinados a un servizo de transporte a terceiros como actividade económica.*

SEXTA. COMPATIBILIDADE E INCOMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIONS

As subvencións reguladas nesta convocatoria son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos destinados á mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade pública ou privada, agás aquelas outorgadas pola Deputación de Pontevedra para esa mesma finalidade concreta.

En ningún caso a suma de todas as axudas poderá superar o 100 % do custo da actividade subvencionada, procedéndose, se é necesario, á redución proporcional da contía concedida.

Para estes efectos, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, a entidade beneficiaria deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra e, nese caso, o importe da subvención será obxecto da minoración que corresponda.

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio.

SÉTIMA. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para a presentación de solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

OITAVA. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para a presentación de solicitudes será de trinta (30) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).



NOVENA. COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas, excepto que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- NIF da entidade solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante da entidade solicitante.
- Domicilio fiscal da entidade.
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa ATRIGA.
- Certificado de estar ao corrente do pago coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao corrente do pago coa Deputación de Pontevedra.

En caso de opoñerse á consulta, deberá indicalo no cadro habilitado no modelo de solicitude e achegar os documentos correspondentes. No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirllle á entidade interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento. Así mesmo, comprobarase a inscrición da entidade solicitante no RUEPSS da Xunta de Galicia, sen que sexa necesaria a referida autorización por tratarse dun rexistro público.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

A solicitude presentada no modelo normalizado irá acompañada da seguinte documentación que proceda, en arquivos independentes en formato PDF e co nome de cada un deles:

- *Acreditación da capacidade de representación da persoa que actúa en nome da entidade, en caso de non empregar un certificado electrónico cualificado de representante. Esta acreditación poderá facerse por calquera dos medios recollidos no artigo 5 da LPACAP e no artigo 32 do Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, e na demais normativa que resulte de aplicación.*
- *Escritura de constitución da entidade, estatutos vixentes e composición actualizada da xunta directiva.*
- *En caso de que o domicilio fiscal da entidade estea situado fóra da provincia de Pontevedra, documentación acreditativa de posuír unha sede ou delegación permanente nesta.*
- *Certificado bancario de titularidade da conta indicada na solicitude, en caso de non presentalo con anterioridade.*
- *Memoria descritiva segundo o indicado no anexo I “Formato e contido das memorias descritivas da subvención a entidades de iniciativa social para a adquisición ou adaptación de vehículos destinados a mellora dos servizos e programas prestados” de forma pormenorizada dos servizos e ou actividades complementarias aos servizos e programas principais no ámbito social que serán realizados co vehículo para o que se solicita a subvención, segundo o establecido no documento anexo a estas bases. A non presentación da memoria constituirá un defecto non emendable e a solicitude non se admitirá a trámite ao ter este carácter esencial para a súa tramitación.*
- *Orzamento ou orzamentos realizados por empresas proveedoras onde se detalle o custo da adquisición ou adaptación de vehículos. Os orzamentos deberán figurar desagregados por prezo unitario e con indicación do IVE aplicable. Cando o importe do subministro subvencionable sexa igual ou superior a quince mil (15.000,00) euros, deberánse presentar tres orzamentos de diferentes empresas. No suposto de que a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa de entre as ofertas presentadas, deberase presentar unha memoria que xustifique tal decisión.*



➤ *Calquera outro documento relevante para os efectos desta convocatoria.*

As entidades responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Calquera falsidade nos datos presentados dará lugar á perda da subvención concedida, ademais doutras medidas que para o caso poida arbitrar o organismo provincial.

Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

DÉCIMO PRIMEIRA. TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E EMENDA DESTAS

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento realizaranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenericos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o cal se efectúa o trámite.

A sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenericos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda á solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenericos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Non será válido usar outros medios de comunicación, coma correos electrónicos ou outros. Así mesmo, só poderá contactarse coas entidades por teléfono con fins informativos ou aclaratorios; estas chamadas rexistraranse no expediente, pero non terán valor xurídico.

DÉCIMO SEGUNDA. VALORACIÓN E CRITERIOS DE CONCESIÓN

As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrência competitiva entre todas as asociacións sen fins de lucro que presenten a correspondente solicitude, acompañada da documentación esixida nestas bases, e as solicitudes valoraranse de acordo cos criterios do apartado 12.2.

12.1.- Quedarán excluídas da valoración aquelas solicitudes que:

- Incumpran as bases da convocatoria
- Non se acollan ao obxecto subvencionable

12.2.- Os criterios de valoración das solicitudes clasificaranse segundo se detalla nos apartados seguintes, nos que se indican as puntuacións máximas asignadas a estes.

Sobre un total de 100 puntos, os criterios de selección son os seguintes:

12.2.1 Criterios relacionados coa entidade (Máximo ata 60 puntos)

A) Traxectoria da entidade e ámbito de actuación da entidade no territorio da provincia (máximo de 40 puntos):

A.1. Traxectoria da entidade (máximo de 20 puntos)



- *Antigüidade de máis de quince anos: 20 puntos*
- *Antigüidade de entre dez e quince anos: 15 puntos*
- *Antigüidade de entre cinco e nove anos: 10 puntos*
- *Antigüidade de menos de cinco anos: 5 punto*

A.2. Ámbito de actuación da entidade no territorio da provincia (máximo de 20 puntos):

- *Ámbito local (un concello): 10 puntos*
- *Ámbito comarcal ou supramunicipal (de dous a cinco concellos): 15 puntos*
- *Ámbito provincial (máis de cinco concellos): 20 puntos*

B) Criterios relacionados coas persoas beneficiarias directas do investimento obxecto de subvención (máximo de 20 puntos):

- *Menos de 15 persoas: 10 puntos*
- *Entre 15 e 30 persoas: 15 puntos*
- *Máis de 30 persoas: 20 puntos*

12.2.2. Criterios relacionados coa memoria descritiva do proxecto obxecto de subvención (máximo de 40 puntos)

A) Memoria descritiva do obxecto e finalidade do investimento, valorarase polo persoal técnico do Servizo de Benestar Social da Deputación de Pontevedra (máximo ata 40 puntos)

Valorarase a calidade técnica da memoria descritiva en todos os seus contidos necesarios :

A.1. Descrición do uso do vehículo acorde ao programa ou proxecto, e da necesidade de disposición de transporte e concordancia coas actividades da entidade, así como o impacto positivo esperado na atención ás persoas usuarias: (máximo ata 10 puntos)

A.2. Elaboración dos obxectivos xerais e específicos das necesidades que serán cubertas coa adquisición do vehículo, e os indicadores de avaliación: (máximo ata 10 puntos)

A.3. Frecuencia do uso habitual do vehículo (máximo ata 10 puntos)

- *Uso diario: 10 puntos.*
- *Uso polo menos 3 veces por semana: 7 puntos.*
- *Uso menos de 3 veces por semana: 3 puntos.*



A.4. Necesidades de transporte (máximo ata 10 puntos)

- *Non se está prestando o servizo porque a entidade non dispón de vehículo propio: 10 puntos.*
- *Estase prestando o servizo cun vehículo alugado, cun servizo subcontratado, ou con vehículos en estado deteriorado: 7 puntos.*

Só se valorarán e puntuarán os criterios que se xustifiquen ou detallen claramente na memoria no momento da solicitude.

DÉCIMO TERCEIRA. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

13.1. A concesión das subvencións realizarase a través do procedemento de concorrencia competitiva.

Establécese un prazo máximo de seis (6) meses, que se computará a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo do establecido no artigo 23.1 da LPACAP. Transcorrido o devandito prazo sen que se resolva nin se notifique a resolución, as entidades solicitantes poderán entender que a súa solicitude foi desestimada por silencio administrativo.

13.2. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión correspóndelle á xefa do Servizo de Benestar Social, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación, así como a avaliación das solicitudes segundo os criterios establecidos nesta convocatoria en virtude dos cales se formulará a proposta de resolución provisional, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.

No exercicio das súas funcións, o órgano instructor poderá solicitar tanta información ou documentación adicional estime necesaria para valorar mellor as solicitudes e a súa resolución, así como a asistencia doutros servizos da Deputación para os efectos do tratamento mecanizado da información e dos servizos.

O órgano instructor realizará un informe-proposta no que se recollerá a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e no que se detallarán o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e, no caso das excluídas, o motivo.

Unha comisión de valoración estudará e avaliará o informe-proposta, fiscalizado pola Intervención, ademais de solicitar cantos informes estime necesarios, e emitirá unha proposta na que lle propoñerá motivadamente ao órgano competente a concesión ou a desestimación das solicitudes tramitadas. A Comisión de Valoración é un órgano colexiado composto por:

- *Presidenta: a xefa do Servizo de Benestar Social*
- *Vogais: dúas traballadoras sociais funcionarias do Servizo de Benestar Social*
- *Secretaria: unha técnica do Servizo de Benestar Social, que actuará sen voto*

13.3. Resolución provisional de solicitudes.

Unha vez recibido o informe da Comisión de Valoración, o órgano instructor formulará a proposta de resolución provisional, a cal se lles notificará ás entidades solicitantes mediante a súa publicación na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<http://sede.depo.gal>). Esta notificación terá o carácter de colectiva, para os efectos do previsto nos artigos 45.1.b da LPACAP e 24.4 da LXS.



As entidades propostas como beneficiarias admitidas e excluídas disporán dun prazo de dez (10) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da proposta de resolución provisional, para formular alegacións.

Neste trámite de audiencia poderán manifestar a súa aceptación ou renuncia; de non comunicar nada no devandito prazo, a axuda terá a consideración de aceptada.

13.4. Resolución definitiva.

Unha vez efectuados os axustes derivados das renuncias e alegacións, formularase unha proposta de resolución definitiva, que conterá a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e o seu importe e na que se especificarán a avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

As subvencións concederanse atendendo á orde de puntuación obtida segundo os criterios de valoración relacionados na base décimo segunda, e ata esgotar o crédito dispoñible para a convocatoria. No caso de empate nas puntuacións obtidas, levarase a cabo o desempate a través dun sorteo.

Cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a última solicitude segundo a orde de puntuación o crédito esgotarase nela.

A Xunta de Goberno, logo do informe da Intervención, resolverá definitivamente a aprobación das subvencións e indicará as entidades beneficiarias e os importes concedidos. A resolución incluírá a relación de solicitudes denegadas e os motivos da súa exclusión.

As entidades beneficiarias poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOPPO da resolución definitiva de concesión.

A resolución definitiva ponlle fin á vía administrativa. Contra ela poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime oportuno.

DÉCIMO CUARTA. NOTIFICACIÓNS E PUBLICACIÓNS

As resolucións e os actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada Única, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal> ou directamente desde <https://dehu.redsara.es>.

A notificación entenderase practicada no momento no que se produza o acceso ao seu contido e considerárase rexeitada cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.



O sistema remitiralles ás entidades solicitantes avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicaráa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DÉCIMO QUINTA. OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.3.l) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, previa solicitude suficientemente xustificada que se deberá presentar con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido. En ningún caso, na modificación do proxecto se permitirá variar o obxecto e a finalidade do mesmo.

O órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución a instancia do beneficiario, debendo cumprirse, en todo caso, os requisitos recollidos no artigo 64 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

A modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión, nin se prexudiquen dereitos de terceiros e non deberá variarse o destino ou finalidade da subvención.

No caso de que a execución do proxecto subvencionado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, o pago da subvención realizarase por aplicación da porcentaxe de financiamento respecto do custo real do proxecto executado e xustificado.

En ningún caso o menor custo de execución do proxecto subvencionado pode supoñer unha execución deficiente deste, e a entidade beneficiaria da subvención debe cumprir as condicións da concesión e a finalidade ou obxectivos para os cales se lle concedeu a axuda.

DÉCIMO SEXTA EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS

O investimento deberán estar executados na súa totalidade o 31 de decembro de 2026; en todo caso, o prazo de xustificación será ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento destes prazos dará lugar á perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención.

DÉCIMO SÉTIMA. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á BDNS para a súa publicación, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.



DÉCIMO OITAVA. OBRIGACIÓNS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.

De conformidade co previsto nestas bases e segundo o establecido no artigo 14 da LXS, as entidades están obrigadas a:

- Destinar o importe das subvencións ao cumprimento da finalidade que fundamenta a concesión das mesmas.
- Realizar as actuacións obxecto de subvención nos prazos sinalados nestas bases.
- Destinar os vehículos ao fin concreto polo cal se lle concedeu a subvención durante un mínimo de 5 anos.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra, para o que presentarán tanta información se lles requira no prazo que estableza a institución provincial, segundo o estipulado no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Comunicarlle á Deputación de Pontevedra a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as accións subvencionadas.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos.
- Os beneficiarios deberán darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións subvencionadas, conforme os seguintes termos:

- **Rotulación de vehículos:** a entidade beneficiaria deberá rotular o logotipo da Deputación de Pontevedra nos catro costados do vehículo adquirido ou adaptado, como mínimo do tamaño que se define no manual de imaxe corporativa; incluírase, nos dous laterais e xunto ao logo, a frase “Vehículo subvencionado pola Deputación de Pontevedra”. A rotulación deberá manterse durante un tempo mínimo de 5 anos. O manual de rotulación de vehículos subvencionados poderá atoparse no seguinte enlace <https://www.depo.gal/web/edepo/identidade-corporativa>.

A maiores, a entidade deberá incluír a marca da Deputación integrada polo símbolo e logotipo que o acompaña en lugar que destaque adecuadamente en calquera comunicación ou publicación das accións desenvolvidas nas que se usa o vehículo ou calquera información ou materiais de promoción (coma folletos, carteis ou presentacións en formato electrónico) e, no seu caso, na páxina web/redes sociais da entidade.

- **Acto formal:** A entidade beneficiaria deberá coordinar coa Deputación de Pontevedra a planificación e os detalles do acto formal de entrega da adquisición do vehículo, ou da adaptación do vehículo. Esta coordinación incluírá, entre outros aspectos, a data, o lugar, o horario e os asistentes previstos. A celebración do dito acto estará supeditada á aprobación expresa e previa por parte da Deputación de Pontevedra, quen validará a proposta coordinada e outorgará o visto e prace definitivo para a súa realización. A entidade beneficiaria deberá publicar na páxina web e redes sociais o acto de entrega.

- Adquirir o vehículo, formalizar o seguro correspondente, asumir os gastos de matriculación e tributos, asumir as reparacións e o mantemento deste.
- Adscribir o vehículo ao para o que foi concedido durante a vida útil do vehículo (que non poderá ser inferior a cinco anos dende a súa entrega).
- Inscribir o vehículo no Rexistro de Bens Mobles correspondente, con indicación da subvención obtida e do período de adscrición (mínimo de 5 anos) do dito ben aos fins previstos.
- Realizar as adaptacións necesarias para a posta en funcionamento do vehículo e poder dedicarse aos usos indicados na solicitude.



DÉCIMO NOVENA. XUSTIFICACIÓNS

Todos os investimentos deberán estar executados nas datas indicadas nas bases, e xustificarse no prazo indicado nas mesmas. O incumprimento destes prazos dará lugar ao inicio do expediente de perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención.

A xustificación da subvención realizarase coa achega de xustificantes de gasto, certificacións, facturas e a demais documentación xustificativa, segundo o previsto.

Así, as entidades beneficiarias deberán presentar na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, en todo caso coa seguinte documentación:

- Memoria explicativa do investimento realizado, que inclúa unha reportaxe fotográfica, asinada electronicamente polo presidente ou pola presidenta da entidade beneficiaria ou por quen actúe en representación desta. A presentación das fotografías farase de forma que se identifique o vehículo adquirido ou a adaptación do vehículo.*
- Conta xustificativa dos gastos no modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (formulario 100.001), asinada electronicamente e debidamente cuberta, na cal se relacionarán as facturas ou documentos probatorios no tráfico mercantil e administrativo (identificaranse o proveedor, NIF, número de factura, concepto e importe) que xustifiquen a compra que fundamentou a resolución de concesión. Non se aborará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida e da porcentaxe de financiamento correspondente á concesión.*
- Facturas dos gastos realizados, que deberán detallar as unidades e os prezos unitarios, tanto si é compra nova, quilómetro 0, de segunda man, ou traballos de adaptación do vehículo. De non vir correctamente tipificado o gasto, as facturas non se admitirán a trámite, o que dará lugar á perda da subvención concedida.*

De conformidade co establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, as entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificada a persoa ou entidade beneficiaria, o importe e a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). Só se poderá utilizar o pago en metálico excepcionalmente cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, de conformidade cos artigos 72.2, 75.2 e 89 do R. d. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS), en relación cos artigos 31.2 e 37 da LXS, sempre que o gasto supere o importe de novecentos (900,00) euros.

-Acreditación do cumprimento da obriga de darlle difusión ao financiamento obtido e acreditación da rotulación do vehículo. En caso de que figuren logotipos doutras entidades no material gráfico empregado, deberase aclarar o motivo da súa inclusión.

A Deputación poderá requirir ás entidades beneficiarias para que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a correcta verificación da xustificación presentada e a comprobación da execución do proxecto subvencionado.

A documentación xustificativa será comprobada polos servizos de Benestar, e Intervención da institución provincial.

O incumprimento da obriga de xustificación implicará a perda da subvención.



VIXÉXIMA. PAGAMENTO E ANTICIPOS.

Para facer efectiva a subvención terase en conta o seguinte:

- *En caso de que se xustifique o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.*
- *En caso de que se xustifique un gasto inferior, aboarase a parte proporcional da subvención que corresponda.*

O pago da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade na solicitude.

De conformidade co disposto no artigo 27 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que contemplan a posibilidade de facer pagos a conta ou anticipos, en casos especiais debidamente xustificadas pola entidade solicitante, poderase realizar o pagamento anticipado do 50% das axudas aprobadas. O 50% restante liberarase tras xustificar a execución completa do proxecto.

Para a adquisición dos bens obxecto desta convocatoria, aprobaranse pagamentos anticipados de ata o 50% da subvención concedida. De conformidade co previsto na normativa de subvencións, exímese ás entidades beneficiarias da obriga de constituír garantía, ao non supoñer risco para o cumprimento das obrigas.

Para cobrar a subvención, as entidades de iniciativa social, deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. RÉXIME XURÍDICO

As subvencións rexeranse por estas bases reguladoras. De forma supletoria, aplicarase o disposto na LXS, a LSG, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, as Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra e na restante normativa aplicable.

Así mesmo, serán aplicables a Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, a LPACAP e as demais normas de dereito administrativo e, na súa falta, as de dereito privado.

VIXÉSIMO SEGUNDA. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a entidade beneficiaria declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



As entidades interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

ANEXO I: “Formato e contido das memorias descritivas da subvención a entidades de iniciativa social para a adquisición ou adaptación de vehículos destinados a mellora dos servizos e programas prestados”

I.1.FORMATO

O idioma de redacción da memoria será preferiblemente o galego, aínda que se admitirá tamén o castelán.

En todo caso, o tamaño e a calidade dos textos, teñen que ser os adecuados para que ao reproducilos o seu contido sexa claramente visible.

O proxecto entregarase en formato PDF. Cun máximo de extensión de 10 folios por ambas caras.

I.2 CONTIDO DA MEMORIA:

Na memoria deben desenvolverse por completo todos os datos e as precisións necesarias para poder efectuar a súa valoración. A información mínima que conterá será:

- Índice*
- Descrición detallada do uso do vehículo acorde ao programa ou proxecto, e da necesidade de disposición de transporte e concordancia coas actividades da entidade, así como o impacto positivo esperado na atención ás persoas usuarias. Denominación e identificación do servizo ou do proxecto no que se fará uso do vehículo.*
- Elaboración dos obxectivos xerais e específicos que se pretenden acadar mediante esta subvención, así coma os indicadores de avaliación destes obxectivos.*
- Identificación do número de persoas beneficiarias directas (aquelas directamente favorecidas pola realización da actuación ou servizo), e das canles de entrada ou dos criterios de selección das persoas usuarias, de ser o caso. Así mesmo, detallarase o ámbito territorial no que se vai desenvolver a actuación e o tempo de antigüidade da entidade.*
- Descrición da frecuencia do uso habitual do vehículo, explicando si o uso é diario ou cantas veces por semana se utiliza para desenvolver servizos ou actividades e a necesidade de transporte para cumprir cós obxectivos descritos.*
- Resumo da memoria.*

3.35965.- ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO CONTRATO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE LICENZAS PARA SOFTWARE FILENET CONTENT MANAGER DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL (EXPTE. 2025065257)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 14 de novembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da Subministración de licenzas para o software IBM filenet content manager da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, en data 19/11/2025 . Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 11 de decembro de 2025, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas:

-TEKNEI INFORMATION TECHNOLOGY, S.L. B86275112

Na reunión da Mesa de Contratación do día 11/12/2025, tamén procedeu á apertura electrónica do sobre B correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

Importe sen o IVE: 130.685,77 €

IVE (21%): 27.444,01 €

Importe total ofertado: 158.129,78 €

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas da empresa admitida, obtén a seguinte puntuación: 41,51.

A Mesa de Contratación, na súa sesión do día 18 de decembro de 2025, procedeu á clasificar por orde decrecente a oferta recibida e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procederá á adxudicación do contrato á empresa Teknei Information Techonology S.L. (B86275112).

Mediante Resolución Presidencial número RP2025010368 de data 19/12/2025, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación 2025, de adxudicar o contrato, sempre e cando cumprimente correctamente a documentación establecida no artigo 150.2 da Lei de Contratos do Sector Público e nos pregos reguladores do procedemento, á empresa Teknei Information Techonology S.L.

A empresa proposta presenta a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra, Rexistro entrada REX_WEB2025087016 de data 23/12/2025, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva, por importe de 6.534,29€ carta de pago núm. operación 12025000255427 do 26/12/2025).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do



Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Adxudicar o contrato de Subministración de licenzas para o software IBM filenet content manager da Deputación de Pontevedra, á empresa TEKNEI INFORMATION TECHNOLOGY, S.L. (B86275112), conforme ao seguinte detalle:

Importe sen o IVE: 130.685,77 €

IVE (21%): 27.444,01 €

Importe total ofertado: 158.129,78 €

O prazo de duración é de tres anos a contar desde a data de entrega das licenzas.

As licenzas deben subministrarse no prazo de 15 días naturais a contar desde a data de formalización do contrato.

Financiación: O importe do contrato financiarase de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/926.9260.206.00	52.709,93€
2027	27/926.9260.206.00	52.709,93€
2028	28/926.9260.206.00	52.709,92€
	Total	158.129,78€

Os importes correspondentes ás anualidades, 2027 e 2028, quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

O cadro de financiación poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice o contrato.

Forma de pagamento: Anual, ao principio de cada anualidade.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2025065257	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: O Xefe de novas tecnoloxías ou persoa en quen delegue.

2.- A empresa adxudicataria deber formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

4.35966.- APROBACIÓN DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA DEPUTACIÓN E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS (EXPTE.2025077297)

Todos os veciños e veciñas están obrigados a inscribirse no padrón do municipio no que residan habitualmente, sendo os concellos os encargados de xestionar o padrón municipal de habitantes a través de medios informáticos de acordo co disposto, entre outros, no artigo 17 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 60 do Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais.

Así, o artigo 17.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, determina que a formación, mantemento, revisión e custodia do padrón municipal corresponde ao concello, de acordo co que estableza a lexislación do Estado, sendo competencia das Deputacións Provinciais a xestión informatizada dos padróns dos municipios que, pola súa insuficiente capacidade económica e de xestión, non poidan manter os datos de forma automatizada.



O artigo 36.1.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, atribúelle ás Deputacións competencias na prestación dos servizos de administración electrónica [...] con poboación inferior a 20.000 habitantes.

Que a Deputación de Pontevedra, co obxectivo de dar resposta ás novas necesidades tecnolóxicas dos concellos e reforzar este apoio na administración local, aprobou no mes de xuño a Ordenanza reguladora do funcionamento da Oficina Tecnolóxica de Asistencia aos Concellos (OTAC) da provincia de Pontevedra para centralizar e canalizar todos os servizos e accións de soporte e asistencia aos concellos que se atopan relacionados coas novas tecnoloxías.

Que por medio de acordo en Xunta de Goberno 4.31007, do 26 de novembro de 2021, con CSV: F0KNEO7EJD94HW12, apróbase o convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución implantación uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes (exp. nº2021052661).

Que con data 22 de decembro de 2023, a Deputación de Pontevedra prorrogou o Acordo Marco que rexe a prestación do servizo para a implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes (exp. nº2023069862) ata o 21 de febreiro de 2026.

Que este servizo ofrece funcionalidades e procesos automatizados, así como a integración coa plataforma de administración electrónica existente nos concellos, o que facilita e axiliza a realización dos trámites municipais relacionados co padrón de habitantes, reduce os tempos de espera da cidadanía, optimizando o gasto e os recursos existentes.

Que a Deputación de Pontevedra, no marco dos servizos ofrecidos aos concellos da provincia a través da OTAC, está a desenvolver un novo proxecto de “implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos”, que se atopa actualmente en fase de licitación mediante un procedemento aberto, con nº expediente 2025064680.

Que na actualidade son 38 os concellos adheridos ao convenio de colaboración para a implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes.

Que con data 27 de novembro o deputado delegado con competencias en Novas Tecnoloxías e Contratación dispuña o inicio do expediente para a aprobación do convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto “servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos”, solicitando ao Servizo de Novas Tecnoloxías a tramitación do relativo expediente para a súa aprobación polo órgano competente.

Considerando o informe xurídico favorable do 16 de decembro de 2025, no que se manifesta que o texto do convenio que se pretende aprobar é xuridicamente correcto para os fins propostos.

Considerando o informe favorable da Intervención Xeral do 13 de xaneiro de 2026.



Resultando de especial interese para os concellos da provincia de Pontevedra a continuidade da realización dos traballos a través dunha empresa adxudicataria.

Por todo o exposto, vistos os informes preceptivos favorables, e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar o presente convenio en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. - Aprobar convenio Marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos, co seguinte texto:

“CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DA IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS.

En Pontevedra/[o]

INTERVEÑEN

D. Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dna./D. [o], alcaldesa/alcalde do Concello de [o] actuando en representación do mesmo en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 124.1.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

EXPOÑEN

Primeiro.- O padrón municipal é o rexistro administrativo onde constan as persoas veciñas dun municipio. Os seus datos constitúen proba da residencia no municipio e do domicilio habitual no mesmo. As certificacións que dos devanditos datos expídanse terán carácter de documento público e fidedigno para todos os efectos administrativos.

Segundo.- Os concellos son os encargados de xestionar o padrón municipal de habitantes a través de medios informáticos de acordo co disposto, entre outros, no artigo 17 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das



Bases de Réxime Local e no artigo 60 do Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais.

Terceiro.- O artigo 17.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, determina que a formación, mantemento, revisión e custodia do padrón municipal corresponde ao concello, de acordo co que estableza a lexislación do Estado, sendo competencia das Deputacións Provinciais a xestión informatizada dos padróns dos municipios que, pola súa insuficiente capacidade económica e de xestión, non poidan manter os datos de forma automatizada.

Cuarto.- O artigo 36.1.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, atribúelle ás Deputacións competencias na prestación dos servizos de administración electrónica [...] con poboación inferior a 20.000 habitantes.

Quinto.- Que, como consecuencia da recente modificación do marco normativo en materia padroal, e en particular do disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, e na súa modificación posterior mediante o Real Decreto 141/2024, polo que se prevé que todos os padróns municipais se xestionen por medios electrónicos e se atopen interconectados co Instituto Nacional de Estatística, así como das instrucións técnicas aprobadas pola Resolución de 17 de febreiro de 2020 da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, se impulsa a implantación dun novo modelo de “padrón online” baseado no intercambio de información en tempo real, o que fai necesaria a adaptación progresiva das solucións de xestión padroal actualmente utilizadas polos concellos.

Sexto.- A Deputación de Pontevedra, co obxectivo de dar resposta ás necesidades tecnolóxicas dos concellos e reforzar este apoio na administración local, aprobou o 26 de setembro de 2025 a Ordenanza reguladora do funcionamento da Oficina Tecnolóxica de Asistencia aos Concellos (OTAC) da provincia de Pontevedra para centralizar e canalizar as accións de soporte e asistencia aos concellos que se atopan relacionados coas novas tecnoloxías.

Sétimo.- Que por medio de acordo en Xunta de Goberno 4.31007, do 26 de novembro de 2021, con CSV: F0KNE07EJD94HW12, apróbase o convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución implantación uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes (exp. nº2021052661). Con data 22 de decembro de 2023, por medio de acordo en Xunta de Goberno 2.33290, con CSV: U0REFIBO3O9XLCK9 a Deputación de Pontevedra aprobou a I Addenda ao convenio marco de colaboración que rexe a implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes (exp. nº2023069862) ata o 21 de febreiro de 2026.

Oitavo.- Que o anterior convenio permitiu a implantación, parametrización e posta en marcha da aplicación necesaria para xestionar o padrón municipal de habitantes en 38 concellos adheridos ao convenio de colaboración para a implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes.



Noveno.- Que a Deputación de Pontevedra, no marco das accións de asistencia aos concellos da provincia a través da OTAC, ten en proceso a licitación, mediante un procedemento aberto, a nova contratación da “implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos”, con nº expediente 2025064680.

Décimo.- Que os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Décimo primeiro.- Que a cooperación interadministrativa para a aplicación coordinada da normativa reguladora dunha determinada materia poderase plasmar a través dun convenio no que se prevexan as condicións e compromisos que asumen as partes que o subscriben, tal e como preceptúa o artigo 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Décimo segundo.- A Deputación de Pontevedra, de conformidade coa política de cooperación interadministrativa que se deriva das iniciativas da UE no ámbito da administración electrónica e que se recollen na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público e no marco dos accións de asistencia e soporte aos concellos da provincia a través da OTAC, e consciente da importancia do padrón municipal de habitantes para os concellos da provincia de Pontevedra, desexa promover a continuidade a través dun novo proxecto para a implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos.

Décimo terceiro.- Resultando de interese para as partes asinantes a realización dos traballos a través dunha empresa adxudicataria.

Décimo cuarto.- As partes recoñécense a capacidade xurídica necesaria para subscribir este acordo e, en consecuencia, conveñen formalizar este convenio de colaboración (en diante aparecerá denominado como “convenio”) con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de [o] para a execución do proxecto da implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos.

Segunda. Ámbito subxectivo

As entidades beneficiarias das actuacións previstas no presente convenio son os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes.



Terceira. Alcance da solución de padrón municipal de habitantes para concellos

É alcance do presente convenio a implantación, parametrización e posta en marcha da solución necesaria para xestionar o padrón municipal de habitantes e o censo de vivendas.

Ademais, será alcance da solución:

- A instalación do sistema, a xestión de acceso do mesmo, identificando perfís e establecendo a autorización dos usuarios ás distintas funcionalidades da solución. Así mesmo realizarase a configuración e posta en marcha do sistema segundo as necesidades de cada concello.
- A integración coa plataforma de administración electrónica existente nos concellos, o que lles permitirá facilitar e axilizar a realización dos trámites municipais relacionados co padrón de habitantes, reducindo os tempos de espera do cidadán, optimizando o gasto e os recursos existentes e xerando unha administración máis próxima á cidadanía.
- A integración co INE para o intercambio automático e seguro dos datos mediante formatos normalizados.
- A migración de datos existentes na aplicación actual de padrón de cada concello e o censo de vivendas, evitando no posible a manipulación manual dos datos.
- A xestión do cambio mediante un plan orientado ao persoal do concello para o aprendizaxe dos aspectos técnicos e funcionais da nova ferramenta para a súa correcta posta en funcionamento. Impartiranse cursos de formación necesarios para o uso do novo entorno, a nivel usuario e a nivel de administración.
- Un soporte ás persoas usuarias que resolva aquelas consultas, incidencias e solicitudes de información derivadas da operatoria e explotación da solución de padrón.
- O mantemento correctivo e evolutivo que garanten a corrección de incidencias e a actualización e inclusión de novas funcionalidades, desde o momento de posta en produción e durante todo o tempo de execución do proxecto. O mantemento incluírá a implantación das novas versións da solución de padrón que se desenvolvan durante a execución do proxecto.

Cuarta. Obrigas da Deputación de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra comprométese a facilitar, a través da empresa adxudicataria, co réxime económico previsto na cláusula sexta:

1. A implantación, parametrización e posta en marcha da solución necesaria para xestionar o padrón municipal de habitantes e o censo de vivendas.
2. A respectar e protexer a confidencialidade dos datos propiedade dos concellos adoptando as medidas de seguridade que sexan necesarias para tal fin garantindo o cumprimento da normativa básica de protección de datos de carácter persoal.
3. A favorecer a formación e proporcionar o material necesario para que o persoal do concello poida coñecer adecuadamente o contido das prestacións incluídas neste proxecto.
4. A comunicarlle ao concello calquera modificación no alcance dos traballos debido a cambios tecnolóxicos ou legais.



Quinta. Obrigas do concello

O concello comprométese ao seguinte:

1. Formalizar a adhesión á Oficina Tecnolóxica de Asistencia aos Concellos e garantir a súa vixencia durante o período de duración do convenio.
2. Autorizar á empresa adxudicataria para que poida realizar todas as operacións necesarias para a implantación da solución de padrón municipal de habitantes e o censo de vivendas para concellos.
3. Nomear a unha persoa interlocutora única, que actuará como persoa de referencia ante o organismo provincial no desenvolvemento do proxecto. Para estes efectos a persoa interlocutora identificará as persoas idóneas ou área para facilitar a organización de reunións, a execución das tarefas e a obtención dos datos necesarios para a Deputación e a empresa adxudicataria. O concello deberá comunicar, no prazo máximo de 5 días desde a sinatura do convenio, quen é a persoa que actuará como interlocutora.
4. Pór a disposición da Institución Provincial e da empresa adxudicataria, no menor tempo posible e sempre nun prazo non superior a 10 días hábiles desde a súa solicitude, a información necesaria para facilitar a implantación da solución no concello.
5. Responder as consultas realizadas pola Deputación e a empresa adxudicataria no menor tempo posible, sempre nun prazo non superior a 7 días a partir da recepción da consulta.
6. Colaborar de maneira activa co Organismo Provincial e coa empresa adxudicataria nas visitas ás instalacións do concello, así como na resolución das dúbidas que puidesen xurdir sobre a información obtida.
7. Conservar toda a documentación xustificativa das actuacións realizadas no ámbito do proxecto, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Sexta. Financiamento e réxime económico

O custo total das actuacións obxecto do contrato que regula as prestacións do convenio é de 338.578,52 euros, máis 69.421,48 euros (correspondente ao 21% de IVE) para facer un total de 400.000 euros para os dous anos de duración do contrato, con cargo ás aplicacións orzamentarias:

Táboa 1. Financiamento

Aplicación orzamentaria	Importe Total
26/926.9260.206.00	166.666,67 €
27/926.9260.206.00	200.000 €
28/926.9260.206.00	33.333,33 €



Para o desenvolvemento das actividades previstas neste convenio os concellos deberán asumir o pagamento dunha contraprestación económica segundo o previsto no modelo de contraprestación económica e criterios de distribución recollido como anexo I. Este modelo ten carácter dinámico tomando como referencia o número de habitantes de cada concello acordo a actualización de poboación do Instituto Nacional de Estatística (INE) versión ano 2025 e sucesivas.

A forma de liquidación será anual e as achegas económicas, segundo o previsto no anexo I, deberán ingresarse na Tesoureira Provincial no primeiro trimestre de cada exercicio nos prazos que se sinalen na liquidación que se notifique.

Sétima. Control e seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dúas persoas representantes, unha por parte da Deputación de Pontevedra e outra por parte do concello, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición desta comisión será a seguinte:

- Pola Deputación de Pontevedra, a persoa deputada provincial con competencias en materia de Novas Tecnoloxías, ou a persoa na que delegue.
- Polo concello, a persoa que exerza a súa Alcaldía ou Presidencia, ou a persoa na que delegue.

A presidencia exerceraa a persoa deputada provincial con competencias en materia de Novas Tecnoloxías, ou a persoa na que delegue.

Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, a presidencia será ocupada pola persoa na que delegue.

Oitava. Modificacións do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

En cumprimento do establecido no artigo 34.1 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de Racionalización do Sector Público Autonómico, o presente convenio poderá ser obxecto de modificación para o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Novena. Resolución

Sen prexuízo do establecido na normativa vixente, serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- Acordo unánime de tódolos asinantes.
- Incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.



- Transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- Calquera outra causa de resolución previstas no convenio e na lexislación vixente de aplicación.

En calquera suposto de resolución anticipada as partes comprométense a finalizar as actividades en curso.

Décima. Vixencia, duración e prórroga do convenio

Este convenio terá unha vixencia con efectos desde a data 22 de febreiro de 2026 ata a finalización do contrato de subministro “implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos” con nº de expediente 2025064680, ata un máximo de 5 anos de conformidade co disposto no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

A tramitación, subscrición e efectos da prórroga que no seu caso se acorde efectuarase de acordo co previsto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e co resto da normativa aplicable.

Décimo primeira. Réxime xurídico e lexislación aplicable

Este convenio de colaboración ten natureza xurídico-administrativa e rexerase polo previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de citada Lei. Non lle é aplicable a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Para resolver cantas dúbidas ou lagoas puidesen producirse na interpretación, execución, efectos, modificación e resolución do convenio, será de aplicación o disposto no propio convenio e, na súa falta, aplicarase a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As partes comprométense a tentar resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidese xurdir no desenvolvemento, interpretación, cumprimento, extinción e efectos deste convenio a través da comisión de seguimento establecida na cláusula sétima. En caso de non ser posible unha solución amigable e proceder o litixio xudicial, a xurisdición competente para coñecer e resolver estas cuestións será a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Décimo segunda. Compatibilidade con outras subvencións

Este convenio é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

O concello deberá comunicar á Deputación de Pontevedra a obtención dos recursos citados en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. Cando as actividades fosen financiadas, ademais de con esta subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá



acreditarse na xustificación do gasto o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

O importe da subvención, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outros recursos supere o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceira. Confidencialidade da información

As partes comprométense ao intercambio dos datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito de relación das mesmas partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración deste convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As partes poderán darlle publicidade á existencia deste convenio na forma en que ambas o determinen de mutuo acordo.

Décimo cuarta. Protección de datos

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal.

A contratación dos traballos obxecto do presente convenio deberá incorporar entre as súas cláusulas as garantías aquelas previstas no artigo 28 do Regulamento Xeral de Protección de Datos.

En caso de darse tratamentos de datos persoais no contexto da execución de actividades no ámbito do presente convenio, as partes poderán ser responsables, corresponsables ou encargados do tratamento dos datos persoais, sendo a comisión de seguimento do convenio quen determine dita responsabilidade ou corresponsabilidade ou a posible existencia do encargo do tratamento, atendendo ao tratamento de datos persoais particular que teña lugar en cada caso.

A empresa adxudicataria do contrato porá ao dispor da persoa responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das obrigacións establecidas no devandito artigo, así como para permitir e contribuír á realización de auditorías, incluídas inspeccións, por parte da persoa responsable ou auditora autorizada polo devandita persoa responsable, así como informar inmediatamente se, na súa opinión, unha instrución infrinxe a normativa en materia de protección de datos.

Décimo quinta. Notificación electrónica

Tomando en consideración que todas as partes asinantes entran dentro dos suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos e, por tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas, segundo establece o



artigo 14.2 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común, as notificacións realizaranse só por medios electrónicos.

Décimo sexta. Cesión de competencias

Este convenio non supón, en ningún caso, a cesión de competencias dunha das partes á outra, nin tampouco a concesión, expresa ou implícita, de dereito ningún.

Décimo sétima. Remisión do convenio ao Tribunal de Contas

Unha vez concluído o exercicio correspondente procederase á remisión do presente convenio ao Tribunal de Contas de acordo co procedemento establecido na Resolución Presidencial nº 2017008767, de data 3 de maio de 2017, en relación co preceptuado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, tendo en conta que os compromisos económicos da Deputación de Pontevedra derivados deste convenio non superan os 600.000,00 euros.

Décimo oitava. Adhesión dos concellos

Os concellos previstos na cláusula segunda poderán adherirse ao establecido no presente convenio achegando a carta de adhesión prevista como anexo II.

Unha vez recibida a solicitude de adhesión, a Deputación de Pontevedra comprobará o cumprimento dos requisitos previstos, e, no seu caso, mediante resolución ou acordo por parte do órgano competente, aprobará a citada solicitude, acto que será oportunamente notificada ao concello solicitante.

Despois de ler as dúas partes, este convenio asínano como proba de conformidade as persoas interviñentes.

ANEXO I - MODELO DE CONTRAPRESTACIÓN ECONÓMICA ANUAL

POBOACIÓN CONCELLOS	PAGO ANUAL POR ENTIDADE (€)
Menos de 5.000	203,17 €
De 5.001 a 10.000	406,34 €
De 10.001 a 20.000	609,51 €
Máis de 20.000	1.015,86 €

O modelo de contraprestación económica baséase na repartición do 15% do importe de licitación anual entre os concellos, utilizando un sistema de ponderación por rangos de poboación baseado na serie de *Fibonacci* e redondeando o importe final ao seguinte enteiro, logrando unha distribución equilibrada e transparente entre os concellos.



ANEXO II - CARTA DE ADHESIÓN



**Deputación
Pontevedra**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS

ANEXO II - CARTA DE ADHESIÓN

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Concello: _____ NIF: _____

DATOS DA PERSONA REPRESENTANTE

Nome: _____ 1.º apelido: _____ 2.º apelido: _____ NIF: _____

En calidade de alcalde/sa ou presidente/a: _____ Correo-e: _____

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: ☐ Persoa solicitante ☐ Persoa representante

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos mediante o Servizo de Notificacións Electrónicas, dispoñible a través da Dirección Electrónica Única (DEHÚ). Poderá acceder á notificación empregando un certificado asociado á persoa solicitante ou representante indicada.

Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico indicado a continuación. Correo-e: _____

DECLARACIÓN RESPONSABLE

A persoa representante declara:

- Que o órgano competente do Concello acordou solicitar a adhesión ao "Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos", co obxectivo de facilitar unha solución para a xestión informatizada do servizo do padrón municipal de habitantes.
- Que o Concello coñece e acepta as obrigas e o réxime económico previstos no devandito convenio.
- Que non concorre ningunha circunstancia das previstas no artigo 13, apartados 2 e 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SOLICITUDE

A vontade do Concello de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxección plena a todas elas.


DOCUMENTACIÓN

☐ A probación do convenio polo órgano competente do Concello

PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable do tratamento	Deputación de Pontevedra
Finalidades do tratamento	Xestionar o presente solicitude
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos
Destino dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos
Máis información e contacto coa persoa delegada de protección de datos	https://www.depo.gal/proteccion-de-datos

SINATURA



Lugar e data: _____, _____ de _____ de _____

SERVIZO NOVAS TECNOLOXÍAS. Pazo provincial, avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra
Tlf: 986 804 100, novastecloloxias@depo.gal, www.depo.gal

Mod: 926.013G

Segundo.- Facultar ó presidente para a formalización do mencionado convenio mediante a súa sinatura.



5.35967.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "REPOSICIÓN DO FIRME NA E.P. 7001 A ESTRADA-FORCAREI, DENDE O P.Q. 0+300 AO P.Q. 12+200. CONCELLO DE A ESTRADA" (EXPTE. 2025071786)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 7001 A ESTRADA-FORCAREI que percorre os termos municipais de A Estrada e Forcarei pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 21.509 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario proceder a reposición do firme, no treito comprendido entre os p.q. 0+300 ao p.q. 12+200, sendo este, dun total de 11.900 metros de lonxitude, que discorre de xeito íntegro polo Concello de A Estrada, a fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por Cesar Paredes Rodríguez, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, o proxecto “Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcarei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada” cun orzamento base de licitación de 1.003.736,13 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: CRXOHNYPYC0M4I6YG.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcarei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada”.



Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC número 12026000011338 por importe de 1.003.736,13 € con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial, certificando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 12 de decembro de 2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcarei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada”, redactado por Cesar Paredes Rodríguez, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, o cun orzamento base de licitación de 1.003.736,13 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: CRXOHNYP0M4I6YG.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: IKGT4A35HYDMT1J8, informe xurídico favorable emitido polo Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 5OSSE943ROFMVSYA, informe de fiscalización do expediente no que se recolle o seguinte: “...-Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económicoadministrativas particulares recóllense varios criterios avaliábles mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Nos criterios avaliábles mediante un xuízo de valor, en xeral, debe estar perfectamente definido que é o que se vai a valorar coa maior concreción posible, de xeito que se facilite o seu coñecemento ás empresas licitadoras e que estas poidan presentar así a súa mellor oferta e, ó mesmo tempo, reducir unha posible discrecionalidade na súa valoración. Neste caso, a pesares de que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económicoadministrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio. 2.- Ao tratarse de gasto financiado con cargos a créditos incorporados de exercicios anteriores, o rexistro contable das operacións realízase previa comprobación do rexistro contable da incorporación do remanente correspondente, sen consideración do procedemento de incorporación que corresponde ser tramitado e fiscalizado con anterioridade ao seu rexistro contable. CONCLUSIÓN Polo exposto, coas observacións e recomendacións postas de manifesto, infórmase favorablemente o expediente...”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”.

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.



Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizárase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcarei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada*” cun orzamento base de licitación de 1.003.736,13 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	829.533,99 €
IVE (21%).....	174.202,14 €
Importe Total.....	1.003.736,13 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): Y7BWV51HHWEYZVUT, e de prescricións técnicas con código (CSV): CRXOHNYP0M4I6YG, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 1.003.736,13 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.



6.35968.- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO Nº 8.35838 DA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 05/12/2025 POLO QUE SE ADXUDICA, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, O CONTRATO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE BIOMASA COMBUSTIBLE EN FORMA DE PELLETS DE MADEIRA PARA AS CALDEIRAS DE BIOMASA DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTE.2025049445)

A Xunta de Goberno na sesión do día 5 de decembro de 2025 acordou a adxudicación do contrato de Subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa do centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra, á empresa ACTTIA MEDIOAMBIENTAL, S.L. (CIF B15743750), polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte detalle:

1. Prezo unitario por tonelada:

Importe sen o IVE:	229,00 €
IVE 21 %:	48,09 €
Importe total ofertado:	227,09 €

Unha vez adxudicado o contrato, obsérvase un erro aritmético no desglose do prezo unitario total por tonelada ao indicar o importe total ofertado (IVE engadido) sendo dito importe de 277,09 e en lugar dos 227,09 e indicados no acordo.

Tendo en conta o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que “As Administracións Públicas poderán, asemade, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Rectificar o erro aritmético no acordo da Xunta de Goberno nº 8.35838 polo que se adxudica o contrato de Subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa do centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra, á empresa ACTTIA MEDIOAMBIENTAL, S.L. (CIF B15743750), nos seguintes termos:



Onde di :

1.-Adxudicar o contrato de Subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa do centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra, á empresa ACTTIA MEDIOAMBIENTAL, S.L. (CIF B15743750), polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte detalle:

1. Prezo unitario por tonelada:

Importe sen o IVE:	229,00 €
IVE 21 %:	48,09 €
Importe total ofertado:	227,09 €

Debe dicir:

1.-Adxudicar o contrato de Subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa do centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra, á empresa ACTTIA MEDIOAMBIENTAL, S.L. (CIF B15743750), polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte detalle:

2. Prezo unitario por tonelada:

Importe sen o IVE:	229,00 €
IVE 21 %:	48,09 €
Importe total ofertado:	277,09 €

7.35969.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA SOLRED SA, PARA RESPONDER DO CONTRATO DERIVADO DO AM 21/2020, DA "SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLES EN ESTACIÓNS DE SERVIZO MEDIANTE CENTRAL DE CONTRATACIÓN DO ESTADO" (EXPTE. 2021020591) (DEVOGARAN 2024064901)

Por acordo de Xunta de Goberno de data 18/06/2021 adxudicouse o contrato derivado do Acordo Marco 21/2020 para a subministración de combustibles en estacións de servizo mediante a Central de Contratación do Estado (Expte. 2021020591) a empresa SOLRED, S.A. (NIF: A-79.707.345) por importe de 471.578,24€. Con data 24/11/2022 a Xunta de Goberno aproba a prórroga deste contrato por 1 ano, con efectos dende o 1 de xaneiro do 2023 ata o 31 de decembro do 2023.

No acordo de adxudicación requíreselle a dita empresa que presenten unha garantía definitiva de 19.486,70€ no prazo de dez días hábiles, que foi depositada na Tesourería de Deputación de Pontevedra como consta na carta de pago 202100124642 de data 25/06/2021 por importe de 19.486,70 €.



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade SOLRED, S.A. (NIF: A-79.707.345) unha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: *“Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”*.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do Contrato Baseado no AM 21/2020, para a "Subministración de combustibles en estacións de servizo." (Expte. 2021020591), sen que existan obrigas pendentes.

- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída por aval bancario de Unicaja Banco, pola empresa SOLRED, S.A. (NIF: A-79.707.345), por importe de 19.486,70 €, que foi depositada na Tesourería Provincial 25/06/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100124642, número R.E.A: 2021-0001894.

8.35970.- FINALIZACIÓN DA 2ª CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA FINANCIAR BENS OU SERVIZOS EN CAMPIONATOS OU EVENTOS DEPORTIVOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2025 POR ESGOTAMENTO DO CRÉDITO INICIAL. (EXPTE.2025060141)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión ordinaria celebrada o día 17 de outubro de 2025 aprobou a 2ª convocatoria das bases reguladoras para a concesión das subvencións para financiar bens ou servizos en campionatos ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra no ano 2025 por importe de 100.000,00 €.

Segundo.- Con data 22 de outubro procédese a publicación das bases anteriormente sinaladas no BOPPO núm. 202, establecendo o prazo de presentación de solicitudes ata o 01 de decembro de 2025.

Terceiro.- Con data 23/12/2025 a xefatura do servizo de Deportes emite informe no que se indica que das 166 solicitudes recibidas, 120 foron resoltas favorablemente ao cumprir os requisitos das bases, 20 solicitudes foron excluídas por non axustarse aos criterios ou por renuncia expresa e 26 solicitudes quedaron excluídas por esgotarse o crédito dispoñible nesta convocatoria (100.000,00 €).



Terceiro.- En data 23/12/2025 a Intervención emite informe no que fai constar o esgotamento do crédito inicial da convocatoria (100.000,00 €) e declarando por terminado o prazo de vixencia da convocatoria, segundo a “base terceira: financiamento” de dita convocatoria.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d)
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Segundo.-A norma reguladora establece o procedemento para a concesión de axudas para financiar a compra de bens ou servizos en campionatos ou eventos deportivos realizados na provincia de Pontevedra no ano 2025.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- En canto á competencia para a aprobación das presentes axudas de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno.

Quinto. De producirse o esgotamento do crédito orzamentario, declararase terminado o prazo de vixencia da convocatoria mediante un anuncio do órgano competente para aprobar a convocatoria, o cal será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Sede electrónica da Deputación.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Declarar por terminado o prazo de vixencia da presente convocatoria de subvencións por esgotamento do crédito inicial.



9.35971.- DAR CONTA DA EVOLUCIÓN DOS TRABALLOS ASOCIADOS A ACTUACIÓN "BAIXO O CEO DAS RÍAS BAIXAS" OBSERVACIÓN DO ECLIPSE SOLAR 12 DE AGOSTO DE 2026. (EXPTE.2026001530)

A provincia de Pontevedra atópase nun momento excepcional para o desenvolvemento do astroturismo como produto turístico diferencial, sostible e desestacionalizador.

O Servizo de Turismo está a traballar nesta liña contemplada no abeiro da Estratexia Rías Baixas 61.

Dentro do proxecto “Praias sen límites” da convocatoria de Experiencias2021 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia- Financiado pola Unión Europea – NEXT GENERATION EU e a través da Fundación CEO, Ciencia e Cultura levouse a cabo o servizo de desenvolvemento de accións de potenciación para a observación de estrelas nas praias das Rías Baixas, enmarcado na Actuación 9 “Beach Starlight, unidos polo mar, hermanados polo turismo: as praias lugares ideais para a observación das estrelas”.

Desta actuación obtivéronse os seguintes traballos:

- 1) Identificación e catalogación das mellores praias con potencial astroturístico.
- 2) Estudio dos niveis de contaminación lumínica e elección dos mellores enclaves.
- 3) Estudio de condicións de observabilidade, no contexto dos parámetros Starlight.
- 4) Emisión de documentación adaptada para concellos potencialmente interesados na solicitude de certificacións Starlight.
- 5) Emisión de dípticos informativos e outro material astronómico divulgativo. Elaboración de materiais específicos de difusión na observación astronómica a realizar nas praias das Rías Baixas.
- 6) Acción de formación e capacitación para grupo técnico (seleccionado por Turismo Rías Baixas). Acción demostrativa sobre un evento real de turismo de estrelas nuha praia seleccionada, dirixida a un grupo de persoal técnico seleccionado por Turismo Rías Baixas.
- 7) Análise de parámetros, avaliación de resultados e emisión de informe-resumen de tódalas actividades, accións, medicións e materiais.

Nos anos 2026, 2027 e 2028 tres eclipses solares atravesarán o territorio español, o que dará lugar a gran afluencia de público, tanto de España coma de outros países. Estes fenómenos suporán un desafío dende varios puntos de vista: turístico, de transporte, educación, divulgación científica e de protección civil entre outros.

Dende o punto de vista turístico é un reto, pero tamén unha oportunidade se temos a capacidade para fomentar e adecuar unha oferta versátil que aproveite estes eventos.

Cada un dos tres eclipses é distinto e sobre todo afecta a partes diferentes do territorio, no caso do eclipse solar do ano 2026, o cal terá lugar o 12 de agosto, a península Ibérica será o mellor lugar do mundo para velo, polo que cabe esperar que acuda un importante público internacional, sendo o primeiro eclipse total de Sol visible na península en máis dun século.

Na provincia de Pontevedra o eclipse será visible nun 99%, o que significa que a lúa chegará a tapar completamente o disco solar durante uns minutos, o cal dará comezo ás 19.30h, alcanzando a totalidade ás 20.30h e finalizando ás 21.20h.



Este fenómeno situará ás Rías Baixas nunha posición privilexiada a nivel estatal e europeo. Este feito, pouco frecuente e de grande impacto mediático, representa unha oportunidade única para activar o territorio, xerar relato de destino e promover experiencias colectivas de alto valor emocional.

Con tal motivo, o día 2 de decembro de 2025 organizamos unha reunión telemática cuxa finalidade foi desenvolver unha labor en termos de información, orientación e concienciación social, con especial fincapé na seguridade ocular. Foron convidados a participar a dita reunión os 61 concellos da provincia, as entidades turísticas, empresas distinguidas con selo SICTED e ás oficinas e puntos de información integrantes da Rede INFO RIASBAIXAS.

Dita xornada foi impartida por Luisa Valdivielso, astrofísica do CEFCA (Centro de Estudos de Física do Cosmos de Aragón) e membro da CNE (Comisión Nacional del Eclipse), grupo de traballo da Comisión Nacional de Astronomía.

Como seguinte paso, desde Turismo Rías Baixas imos poñer en marcha unha acción coordinada de promoción dos 61 concellos, identificando e difundindo puntos singulares de observación que poidan funcionar como espazos de encontro cidadán e turístico durante o eclipse. Neste marco, solicitaremos a colaboración dos 61 concellos para que nos indiquen:

- Un punto do concello especialmente axeitado para a observación do eclipse.
- A posibilidade de que ese espazo acolla unha quedada ou punto de encontro organizado.

Turismo Rías Baixas asumirá la promoción provincial desta acción, así como a adquisición de gafas homologadas para a observación dos eclipses:

- Certificadas ca normativa ISO 12312-2:2015.
- Marcado CE.
- Datos do fabricante, advertencias de seguridade e indicacións de uso.

As mesmas se distribuirán a través da Rede de Oficinas de Turismo Rías Baixas e levarán a imaxe corporativa de Rías Baixas Deputación de Pontevedra.

Trátase, por tanto, da creación dun produto turístico (BAIXO O CEO DAS RIAS BAIXAS), experiencial e divulgativo, que posicionará á provincia de Pontevedra como destino de referencia en astroturismo, a través dunha rede de puntos de observación dos eclipses solares, promovendo experiencias colectivas, seguras e vinculadas á paisaxe, ao territorio e á identidade local.

Lonxe de concibir este fenómeno como unha acción puntual, Turismo Rías Baixas formula unha proposta estruturada para converter os eclipses no motor de creación dun novo produto turístico estable:



ALIÑACIÓN ESTRATÉGICA

O produto inscribese directamente na Estratexia Rías Baixas 61, contribuíndo aos seguintes eixos:

- Diversificación da oferta turística.
- Redución da estacionalidade.
- Posta en valor do territorio e da paisaxe.
- Desenvolvemento de produtos turísticos sostibles.
- Participación activa dos 61 concellos nun proxecto común de destino.

Este produto reforza ademais liñas xa iniciadas pola Deputación no ámbito do astroturismo, a divulgación científica e a sensibilización sobre a observación responsable e segura.

DEFINICIÓ DO PRODUTO “BAIXO O CEO DAS RÍAS BAIXAS”

Trátase dun produto:

- Provincial
- Inclusivo
- Sustentable
- Escalable no tempo
- Replicable máis alá dos eclipses

ESTRUTURA DO PRODUTO

Rede Provincial de Puntos de Observación

- Identificación dun punto singular por concello (praias, miradoiros, espazos naturais ou patrimoniais).
- Espazos con boa visibilidade, capacidade de acollida e valor paisaxístico.
- Xeolocalización e integración nun mapa provincial común.

Quedadas de Observación

- Observación colectiva dos eclipses como experiencia compartida.
- Carácter divulgativo, accesible e non especializado.
- Participación da veciñanza e de visitantes.

Kit de Observación

- Gafas homologadas para a observación segura dos eclipses.
- Material divulgativo común (papel e dixital).
- Distribución a través da Rede de Oficinas de Turismo Rías Baixas.

Promoción Conxunta

- Campaña provincial coordinada desde Turismo Rías Baixas.
- Difusión web, redes sociais e medios de comunicación.
- Relato común de destino, con visibilidade individualizada dos concellos.



PAPEL DOS CONCELLOS

Os concellos participan como axentes activos do produto, asumindo principalmente:

- A identificación dun punto idóneo de observación.
- A colaboración lóxística básica, se procede.
- A integración do produto na súa comunicación local.

A acción non supón custo económico directo para os concellos e insírese nunha estratexia provincial liderada por Turismo Rías Baixas.

VALOR ENGADIDO PARA O DESTINO

- Posicionamento das Rías Baixas como destino innovador.
- Xeración de contido e relato emocional de alto impacto.
- Participación equilibrada dos 61 concellos.
- Produto exportable a outros contextos astronómicos.

CONCLUSIÓN

BAIXO O CEO DAS RÍAS BAIXAS é moito máis que unha acción asociada a un eclipse. É unha aposta estratéxica de destino, que transforma un fenómeno astronómico excepcional nun produto turístico estruturado, compartido e con vocación de permanencia no territorio. Turismo Rías Baixas lidera así unha proposta innovadora, sostible e participativa, reforzando o posicionamento da provincia como destino que mira ao futuro sen perder a súa identidade.

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno queda enterada da “*evolución dos traballos asociados a actuación "Baixo o ceo das rías Baixas" Observación do eclipse solar - 12 de agosto de 2026*”

10.35972.- DAR CONTA DA EVOLUCIÓN DOS TRABALLOS ASOCIADOS AO CONTRATO DO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN E POSTA EN MARCHA DUNHA PLATAFORMA DE VISITAS VIRTUAIS PARA O CASTELO DE SOUTOMAIOR E DA RUTA DAS CAMELIAS NOS XARDÍNS DO CASTELO (EXPTE. 2025000740)

Con data 17 de xuño de 2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do “servizo de implantación e posta en marcha dunha plataforma de visitas virtuais para o Castelo de Soutomaior e da Ruta das Camelias dos xardíns do Castelo”.

O contrato formalizouse coa empresa que resultou adxudicataria, The Mad Pixel Factory, S.L. (B82521519), en documento administrativo de data 7 de outubro de 2025 e o prazo de máximo de duración do servizo é de 3 anos e 3 meses, sen preverse prórrogas, a contra dende a data de formalización do contrato.



Os traballos de implantación dividíranse en dúas fases:

Fase 1: implantación da Visita Virtual libre e Tour de Benvida.

Fase 2: implantación da visita guiada automática da Ruta das Camelias.

E para a súa correcta realización a empresa adxudicataria xunto co Servizo de Turismo xa iniciou os traballos asociados á Fase 1, desprazándose ata o Castelo de Soutomaior en dúas ocasións, coa misión de deseñar o percorrido e dixitalizar os espazos obxecto da visita virtual. Por outra banda, o Servizo de Turismo está a elaborar os discursos que acompañarán a visita e o Tour de Benvida.

Nestas visitas virtuais preténdese mostrar ao público virtual, aqueles espazos e detalles do Castelo de Soutomaior non tan coñecidos e que as veces nas visitas presenciais escapan ao ollo humano.

Nas vindeiras semanas continuarase avanzando nos traballos de dixitalización das camelias, que coincide coa época de floración das mesmas, e na realización dos contidos que formarán parte do discurso desta visita guiada automática.

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno queda enterada da *“evolución dos traballos realizados no marco do servizo de implantación e posta en marcha dunha plataforma de visitas virtuais para o castelo de Soutomaior e da Ruta das Camelias do castelo”*.

11.35973.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

12.35974.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

13.35975.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

